

Contas económicas trimestrais de Galicia. Revisión Estatística 2024

Periodo de referencia: primeiro trimestre de 2025

Resumo de resultados 30/05/2025

Principais resultados

- O PIB rexistrou unha variación interanual do 2,8 %, unha décima inferior á rexistrada no trimestre anterior.
- A variación intertrimestral do PIB foi do 0,9 %. Esta taxa foi unha décima superior á do cuarto trimestre de 2024.
- Os postos de traballo equivalentes a tempo completo aumentaron un 0,9 % en taxa interanual este trimestre. As horas traballadas creceron un 0,1 %.

1. Produto Interior Bruto en volume

O Produto Interior Bruto (PIB) xerado pola economía galega, medido en termos de volume encadeado e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario, rexistra unha variación interanual do 2,8 % no primeiro trimestre do 2025, unha décima inferior á rexistrada no trimestre anterior.

A variación intertrimestral do PIB sitúase no 0,9 % (0,8 % no trimestre anterior).

**Produto Interior Bruto (PIB) a prezos de mercado. Volume encadeado referencia ano 2020=100.
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación**


Unidade: porcentaxe

Dato	2024/I	2024/II	2024/III	2024/IV	2025/I
Taxa de variación trimestre anterior	1,1	0,1	0,8	0,8	0,9
Taxa de variación interanual	2,6	2,6	2,9	2,9	2,8


Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais ([descarga da táboa](#))

PIB. Taxas de variación interanual

Unidade: porcentaxe


PIB. Taxas de variación intertrimestral


Unidade: porcentaxe


Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais ([descarga da táboa](#))

A demanda interna contribuíu con 1,2 puntos porcentuais ao crecemento interanual do PIB galego. A aportación da demanda externa foi de 1,6 puntos porcentuais.

Evolución do PIB en volume e achegas da demanda interna e da demanda externa

Unidade: taxas de variación en porcentaxe e achegas en puntos porcentuais


Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais ([descarga da táboa](#))

No primeiro trimestre do 2025, o gasto en consumo final dos fogares aumenta un 0,4 %, mentres que no trimestre anterior diminuíra un 0,2 %. O gasto das Administracións públicas medra un 1,8 %, presentando unha taxa do 6,1% no trimestre anterior.

Por outra banda, a formación bruta de capital experimenta unha variación semellante á do trimestre anterior, acadando un avance do 3,7 %.

As exportacións de bens e servizos presentan unha taxa interanual do 2,2 %, mentres que as importacións diminúen un 0,7 %.

Compoñentes do PIB pola vía da demanda. Volume encadeado referencia ano 2020=100. Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual

Unidade: porcentaxe

Compoñentes	2024/I	2024/II	2024/III	2024/IV	2025/I
Gasto en consumo final	1,9	0,4	1,3	1,5	0,8
Gasto dos fogares e ISFLSF	0,2	-1,1	-0,2	-0,2	0,4
Gastos das AA.PP.	6,6	4,6	5,3	6,1	1,8
Formación bruta de capital	-0,5	0,7	2,2	3,7	3,7
Demanda interna (en termos nacionais) (*)	1,4	0,5	1,4	1,8	1,2
Exportación de bens e servizos	1,8	5,4	4,1	2,9	2,2
Importación de bens e servizos	-0,2	1,6	1,3	0,9	-0,7

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais ([descarga da táboa](#))

Nota: (*) Achega ao crecemento do PIB

No que respecta á oferta, o Valor Engadido Bruto (VEB) de todos os grandes sectores de actividade rexistra taxas interanuais positivas no primeiro trimestre de 2025.

O VEB das ramas primarias rexistra unha taxa de variación interanual do 3,2 % (3,4 % no trimestre anterior). Pola súa parte, o VEB da industria medra un 2,3 %, sendo a taxa no trimestre precedente do 0 %. O VEB do sector da construción moderouse 1,1 puntos con respecto ao trimestre precedente ao presentar unha taxa do 4,9 %. O sector servizos rexistra unha taxa do 3 % (3,6 % no trimestre anterior).

Compoñentes do PIB pola vía da oferta. Volume encadeado referencia ano 2020=100. Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual


Unidade: porcentaxe

Compoñentes	2024/I	2024/II	2024/III	2024/IV	2025/I
VEB. Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	-4,1	-0,9	-2,1	3,4	3,2
VEB. Industria	3,5	2,6	4,0	0,0	2,3
VEB. Construción	1,7	4,2	4,5	6,0	4,9
VEB. Servizos	3,3	3,3	3,1	3,6	3,0
Impostos netos sobre os produtos	-0,9	-1,7	0,3	1,2	0,8

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais ([descarga da táboa](#))

Evolución do valor engadido bruto por sectores. Volume encadeado referencia ano 2020=100. Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual

Unidade: porcentaxe



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais ([descarga da táboa](#))

2. Produto Interior Bruto a prezos correntes e deflactor implícito

No primeiro trimestre do 2025, o PIB valorado a prezos correntes e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario, rexistra unha variación interanual do 6 %, unha décima inferior á rexistrada no trimestre precedente. O deflactor implícito do PIB medrou un 3,1 % neste trimestre.

A variación intertrimestral do PIB a prezos correntes sitúase no 1,2 % (1,7 % no trimestre anterior).

3. Emprego e produtividade

Os postos de traballo equivalentes a tempo completo aumentan un 0,9 % en taxa interanual este trimestre, variación semellante á rexistrada no trimestre anterior.

Postos de traballo equivalentes a tempo completo e horas efectivas. Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual

Unidade: porcentaxe

Dato	2024/I	2024/II	2024/III	2024/IV	2025/I
Postos de traballo equivalentes a tempo completo	1,8	1,0	0,9	0,9	0,9
Horas traballadas	1,6	0,4	0,5	0,4	0,1

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais ([descarga da táboa](#))

As horas traballadas aumentan un 0,1 % en taxa interanual no primeiro trimestre (0,4 % no trimestre anterior).

A produtividade aparente real por posto de traballo equivalente a tempo completo medrou un 1,9 % neste trimestre, mentres que a produtividade por hora traballada incrementouse un 2,7 %.

4. Notas metodolóxicas

As [Contas económicas trimestrais](#) son unha estatística de síntese de carácter conxuntural. O seu obxectivo primordial é proporcionar unha descrición cuantitativa e coherente do conxunto da actividade económica galega. Con esta finalidade, elabórase un cadro macroeconómico que ofrece o ritmo de crecemento do PIB galego e das súas compoñentes.

Esta actividade é unha réplica trimestral simplificada das [Contas económicas anuais](#) que, pola súa maior frecuencia de elaboración, permite o seguimento conxuntural da actividade económica. Estas estimacións axústanse aos mesmos principios de coherencia e equilibrio contable que as contas de frecuencia anual e, por conseguinte, ao marco do Sistema Europeo de Contas 2010 (SEC-2010). Pódese dicir que as Contas económicas trimestrais supoñen un compromiso entre o rigor e a amplitude das Contas anuais e a rapidez e oportunidade dos indicadores conxunturais.

As utilidades concretas das Contas económicas trimestrais de Galicia son as seguintes:

- Medir a evolución da economía no tempo de forma continua e coherente.
- Incrementar a calidade do sistema estatístico conxuntural.
- Dado o seu carácter sintético e integrador, identifica carencias, suxire cambios e propón un marco de referencia común, susceptible de utilización por estatísticas dispares.
- Permite estimar modelos econométricos trimestrais, útiles na análise de políticas económicas e na previsión.

5. Definicións, fontes e máis información

Definicións

- [Definicións](#)

Máis información:

- [Contas económicas trimestrais. Revisión Estatística 2024. Oferta, demanda e rendas](#)
- [Contas económicas trimestrais. Revisión Estatística 2024. Emprego](#)
- [Contas económicas trimestrais. Revisión Estatística 2024. Indicadores derivados](#)
- [Principais indicadores económicos de Galicia](#)
- [Matriz de revisións das taxas de variación do Produto Interior Bruto](#)